



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIA DE LUGO SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS “EMPREDENDO NO RURAL”

INTRODUCCIÓN

Segundo coa iniciativa da creación de emprego e creación de emprego de calidade, hai que poñer en valora que a nosa provincia conta cunha zona moi extensa de ámbito rural onde o descenso da poboación é moi acentuado, en maior medida desde o ano 2011 no que o contexto da crise económica marca un punto de inflexión a escala social, pero e unha fonte importante de riqueza que se esta a perder.

Un dos factores que máis inflúen neste despoboamento tan acusado no medio rural é a escasa oferta de traballo, en particular a falta de oportunidades de emprego cualificado, castigando aínda máis se cabe, a incorporación da muller ao emprego e a conservación do talento no territorio.

Á escaseza de emprego súmase a precarización do mercado laboral, na que os contratos estables e a tempo completo cederon espazo aos empregos a tempo parcial cunha temporalidade definida en detrimento do traballador; ademais o traballo por conta allea perdeu peso en favor da contratación puntual de profesionais, o que motivou a proliferación do emprego autónomo, baseando a súa actividade na necesidade e non nun proxecto sostible ou nunha motivación emprendedora.

Todos estes factores van dando lugar a cambios na orientación das estratexias laborais das xentes do medio rural xunto coa implantación de novas técnicas empresarias en tódolos sectores produtivos, inducidas paralelamente á evolución dos hábitos de consumo e as novas tecnoloxías deu lugar a un cambio profundo que afecta á propia concepción do mundo empresarial debéndose considerar polo seu enclave como un medio de oportunidades a explorar no que se poden desenvolver iniciativas laborais e empresariais relevantes para a economía e o desenvolvemento local da zona.

O obxectivo dos premios “Emprendendo no Rural”, é contribuír ao recoñecemento de proxectos orixinais e innovadores na nosa provincia, baseados en calquera actividade que contribúan a xeración de emprego na contorna onde se afinquen e posibilitando fixar poboación no medio rural para que este sexa xerador de riqueza.

É necesario estimular a iniciativa de novos proxectos e recoñecer aqueles proxectos, emprendedores e empresarios que queiran afrontar o reto acorde as exigencias do mercado cun gran esforzo, económico por un lado e de creación por outro, que non sempre se ve recompensado nos resultados, pero que, en calquera caso, debe ser recoñecido.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORA DE 5 PREMIOS “ EMPREDENDO NO RURAL “.

Artigo 1. OBXECTO E FINALIDADE

A presente convocatoria inclúese dentro do “Plan integral Desenvolvendo o Rural”. Estas bases teñen por obxecto establecer o procedemento de concesión en concorrencia competitiva de premios a iniciativas empresariais en territorios rurais da provincia de Lugo.

A finalidade dos premios é a de impulsar iniciativas empresariais, favorecer proxectos novos, excelentes, orixinais e innovadores que promovan fixar poboación, a economía e o emprego no territorio rural, que incorporen novos modelos de xestión, produtos sistemas ou servizos que contribúan a xeración de riqueza e calidade de vida na provincia de Lugo.

Artigo 2. CREDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA TOTAL MÁXIMA.

A dotación orzamentaria máxima destinada a esta convocatoria será de 50.000,00 euros, con cargo a la aplicación orzamentaria 2410.481 para o ano 2018.

Artigo 3. DESTINATARIOS

Poderán participar neste convocatoria o emprendedores/as cunha idea ou proxectos de actividade válido e viable

(quedara acreditado na memoria descritiva da actividade) para poñer en marcha, en calquera dos municipios da provincia, agás Lugo.

Os destinatarios dos premios, non terán limitación en canto a idade, debendo cumprir os seguintes requisitos:

- Non ter iniciada a actividade económica presentada no proxecto.
- Estar empadroado en algún concello da provincia.
- Non encontrarse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de Xeral de Subvencións. A acreditación de non estar incurso en ningunha delas realizarase mediante declaración responsable da interesado.
- Estar o corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia tributaria (Estado e CCAA), seguridade social e Deputación de Lugo.

A actividade mercantil poderá realizarse en calquera modalidade legal; empresarias individuais, sociedades civís, comunidades de bens ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado.

Os requisitos e condicións para ser beneficiarios deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Deberá manterse a actividade durante un período mínimo de 2 anos, agás cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal se terá que demostrar de forma fidedigna . O Responsable do premio é o solicitante independentemente da fórmula xurídica elixida para materializar a iniciativa empresarial.

Artigo 4. DOCUMENTACIÓN , FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

4.1 Documentación xeral a achegar para participar nos premios:

- Solicitud de axuda (Anexo I)
- DNI ou NIE acreditativa da personalidade do solicitante.
- Declaración responsable (Anexo II)
- C. V actualizado do solicitante, documentación acreditativa estritamente relacionada ca idea do proxecto.
- Memoria descritiva da actividade. Dita memoria denominarase Anexo III, terá unha extensión máxima de 20 follas e achegarase como documento adxunto de forma obrigatoria)

Deberá conter os seguintes apartados:

- DATOS DA PERSOA SOLICITANTE E DE SER O CASO A DO REPRESENTANTE (Nome, apelidos e DNI)
- RESUMEN EXECUTIVO (Breve resumen do Plan de empresa)
- PRESENTACIÓN DO PROXECTO
- ESTUDO DE MERCADO (Análise da oferta, da demanda , publico obxectivo, segmentos de mercado...)
- DAFO (Análise das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da súa idea de negocio)
- ESTRATEXIA COMERCIAL/PLAN DE MARKETING (Recollendo os obxectivos e estratexias, ademais das accións que se van a realizar para conseguir estes obxectivos. Analizando o produto, prezo, promoción e lugar de venda)
- ORGANIZACIÓN E EQUIPO DIRECTIVO
- ANÁLISIS ECONÓMICO E FINANCEIRO:
 - BALANCE
 - CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PARA OS DOUS PRIMEIROS ANOS
 - PLAN DE TESOURERÍA A 2 ANOS DENDE A CONSTITUCIÓN (MENSUAL)
- APLICACIÓN DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL (RSE)
- DOUS CRONOGRAMAS DE PLANIFICACIÓN TEMPORAL DE ACTIVIDADES (Detallaranse as actuacións concretas que se levaran a cabo para a posta en marcha e funcionamento durante os 24 meses seguintes para poder analizar a futuro a actividade da empresa)
 - CURTO PRAZO ATA O 31/08/2019
 - MEDIO E LARGO PRAZO 24 MESES DENDE A CONSTITUCIÓN

4.2 Forma e prazos de presentación da solicitude.

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes de adhesión presentarase de maneira telemática, na sede electrónica: <http://sede.deputacionlugo.org>. A presentación

telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude por medios electrónicos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo (<http://sede.deputacionlugo.org>) o solicitante deberá identificarse a través dun certificado dixital dos recoñecidos na Lei 59/2003 de sinatura dixital, no caso de utilizar un certificado persoal deberá achegar un documento no que se acredite que é o representante legal da asociación/entidade. O mesmo certificado utilizado para a identificación utilizarase para o proceso de presentación e sinatura dixital da solicitude, para iso será preciso ter instalada a aplicación Autofirma da Administración Xeral do Estado e que se pode descargar na seguinte ligazón: <http://firmaelectronica.gob.es/Home/Descargas.html>

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa en relación a unha mesma iniciativa empresarial. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais dende a publicación da convocatoria do presente programa no BOP, previa publicación no Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Deputación Provincial concederá un prazo de 10 días hábiles, dende a publicación das listaxes de requirimento, no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org> para a corrección das deficiencias detectadas nas solicitudes da subvención. Mediante acordo da Xunta de Goberno declararase o desestímulo daquelas solicitudes que non se axusten ao establecido nas bases ou que non emendaran as deficiencias no devandito prazo. Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

4.3. Comunicacóns

As comunicacóns aos interesados realizaranse de conformidade co establecido no artigo 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos e comunicacóns relativas ao Premios “EMPREDENDO NO RURAL” que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no Taboleiro de Anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org>, xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación.

Toda comunicacón, consulta, achega de documentación dos interesados coa Deputación, farase a través da CARPETA CIADADA na sede electrónica <http://sede.deputacionlugo.org> (dende o seu expediente)

Artigo 5. CONTIAS E PREMIOS.

5 Premios de 10.000€.

Os premios establecidos nesta convocatoria non están sometidos ao réxime de mínimos segundo o establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. A estes premios aplicaráselles a retencións legais que correspondan.

Artigo 6. COMPATIBILIDADE E CONCORRENCIA

O premio deste programa son compatibles con outras axudas de fomento de iniciativas empresariais outorgadas por calquera departamento da Xunta de Galicia ou outras administracións públicas.

Artigo 7. PROCEDIMIENTO DE CONCESION.

O procedemento de concesión dos premios efectuarase en réxime de concorrencia competitiva mediante convocatoria pública, actuando coma órgano instrutor dos expedientes a Área de Promoción Económica e Social.

Unha comisión de valoración reunirse como mínimo en dúas ocasións, unha na Fase I de preselección de proxectos, baseado no análise da documentación presentada (Memoria e viabilidade principalmente), nesta realizarase unha primeira criba, descartando os proxectos que non sexan acordes a convocatoria , que non inclúan datos realistas en concordancia co mercado ou que non acaden a puntuación mínima (70 puntos) esixida nesta fase. Publicándose unha listaxe dos proxectos que accederán a seguinte fase así coma os descartados. Na segunda fase a valoración quedará condicionada a unha exposición publica obrigatoria por participante, que non excederá de 10 minutos, onde cada un deles, terá a oportunidade de destacar ante a Comisión de valoración a singularidade do seu proxecto.

Finalmente os membros da Comisión propoñerán o resultado da avaliación efectuada da totalidade dos expedientes, detallando os beneficiarios dos 5 premios, listaxe de reserva por orde de prelación para o caso de renuncia de algún dos premiados e listaxe de excluídos do proceso, que se publicara na páxina Web.

A aprobación da convocatoria ea aprobación dos premios realizarase por acordo da Xunta de Goberno, previo informe e proposta da Sección de Promoción Económica e Emprego, sobre a proposta de avaliación anteriormente mencionada. A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40, 42 e 43 da Lei 39/2015 e publicarase no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org> e no BOP de Lugo.

A comisión de valoración será nomeada o efecto e estará formado por:

- o Presidente: Xefa de Sección de Promoción Económica e Emprego.

- o Vocais: Un funcionario do servizo de intervención, un técnico local de emprego da sección de promoción económica e social e un membro do vicerreitorado.
- o Secretario: Secretario xeral da Deputación Provincial.

A Comisión de Valoración, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naqueles casos nos que se demande oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de asistencia e colaboración.

Artigo 8. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A puntuación máxima a acadar será de **120 puntos** coma suma da Fase I e II. A puntuación mínima para superar a primeira fase de valoración será de **70 puntos**.

O máximo na Fase I será de **100 puntos**, tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIOS DE VALORACIÓN FASE I		
IDEA (Máximo 50 puntos) Deberá contar como mínimo cos seguintes puntos	Fundamentación da idea ou proxecto	18 puntos
	Calidade e coherencia do proxecto	12 puntos
	Dinamización da economía local	10 puntos
	Innovación na: 10	
	Orixinalidade e creatividade na idea de negocio	5 puntos
	Orixinalidade e creatividade en procesos ou produtos	5 puntos
VIABILIDADE (Máximo 30 puntos) Deberá contar como mínimo cos seguintes puntos	TÉCNICA (Máximo 15 puntos)	
	Currículo dos promotores	Baixa: 0-5 puntos
	Cronograma	Media: 6-10 puntos
	DAFO	Alta: 11-15 puntos
	RRHH	
	ECONÓMICA E FINANCIERA (Máximo 15 puntos)	
Balance, conta de resultados e Plan de Tesourería a dous anos	Baixa: 0-5 puntos Media: 6-10 puntos Alta: 11-15 puntos	
SECTOR DE ACTIVIDADE (Máximo 12 puntos)	Sector tecnolóxico e industrial	(12 puntos)
	Sector enerxías	(8 puntos)
	Sector de medio ambiente	(6 puntos)
	Outros	(4 puntos)

PLAN DE MARKETING (Máximo 6 puntos) Deberá contar como mínimo cos seguintes puntos	Creativo e Orixinal	Baixa: 0-2 puntos Media: 3-4 puntos Alta: 5-6 puntos
	Definición do público obxectivo – cota de mercado	
	Posicionamiento do produto ou servizo	
APLICACIÓN DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDAD SOCIAL (RSE) (Máximo 2 puntos) No caso de cumprir con tres medidas a puntuación será de 2 puntos e no caso de cumprir con dúas medidas a puntuación será de 1 punto)	Fomento da igualdade de xénero nas relacións laborais	
	Medidas de inserción laboral con persoas con discapacidade ou outros colectivos desfavorecidos	
	Compras éticas a provedores tendo en conta criterios sociais, medioambientais.	
	Adopción de medidas de conciliación de vida laboral e familiar	
	Aplicación de medidas enerxéticas e sustentabilidade	

NOTA ;

Para a valoración da Viabilidade Técnica, o marco da planificación temporal será determinante para valorar a sucesión de feitos que ocorren previos a constitución das empresas e posteriores a súa constitución, DAFO, servirá para materializar o coñecemento real do mercado para o produto ou servizo que se pretende crear, os RRHH para analizar o impacto da creación de emprego tanto directo como indirecto coa posta en marcha da iniciativa.

Para a valoración da Viabilidade Económica e Financeira: Terase en conta os datos aportados no Balance, na conta de perdas e ganancias, así coma no plan de tesouraría de dous anos dende a súa constitución.

Todo será en termos comparativas de coherencia e obxectividade.

O máximo na Fase II será de **20 puntos** analizando os seguintes criterios.

CRITERIOS DE VALORACIÓN FASE II		
EMPRENDEDOR (Escala 8 puntos) Valorarse en termos comparativos dos participantes en función dos seguintes parámetros :capacidade de asumir riscos, autoconfianza, perseverancia e motivación, desexo de lograr obxectivos e iniciativa	Perfil Emprendedor	Baixa :0-3 Media: 4-6 Alta:7-8
EXPOSICIÓN E DEFENSA DAS IDEAS (Escala de 12 puntos)	Capacidade comunicativa	Baixa : 0-4 Media: 5-8 Alta: 9 -12
	Capacidade de síntese	
	Calidade da exposición	
	Orixinalidade da presentación	

Artigo 9. RESOLUCIÓN

A aprobación do Programa, coa concesión dos premios as entidades seleccionadas, efectuarase pola Xunta de Goberno, de acordo co artigo 25 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de subvencións. A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40, 42 e 43 da Lei 39/2015 e publicarase na páxina Web da Deputación Provincial de Lugo e no BOP.

A resolución e notificación realizase con data límite o 31/12/2018

A resolución de concesión ademais de conter as solicitudes as que se lles concede o premio, establecerá a listaxe de beneficiarios con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma, dando lugar a condición de beneficiarios de reserva, e a listaxe de excluídos.

Neste suposto, si se renunciase o premio por parte dalgunha beneficiaria, o órgano outorgante acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión do premio a entidade solicitante seguinte a aquela, por orde de puntuación, con data límite a celebración da última sesión de Xunta de Goberno do ano 2018.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Sección de Promoción Económica e Emprego responsable da iniciativa publicará no BOP e na súa páxina Web oficial a relación dos premiados

Artigo 10. COMPROMISOS E DEBERES

As entidades beneficiarias deberán cumprir, principalmente os seguintes deberes:

- Empregar o premio outorgado para o mesmo fin polo cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.
- Establecer a razón social nalgún dos concellos da provincia a excepción de Lugo capital.
- Formalizar a iniciativa empresarial con data límite 31 de agosto de 2019 e manter a actividade premiada un prazo mínimo de 2 anos dende a data de inicio de actividade.
- Publicitar cun cartel identificativo, que a actividade foi premiada pola Deputación de Lugo.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións, axudas ou premios para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou persoais, nacionais ou internacionais.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo con o previsto no Regulamento Europeo de Protección de Datos 2016/679 de 27 de abril do 2016. (ver artigo 19 das bases do programa).
- Dar o seu consentimento a Deputación de Lugo a comprobación, en calquera fase do programa, que a entidade se atopa o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA), Seguridade Social e Deputación Provincial.
- As entidades beneficiarias quedan suxeitas ao réxime de deberes e responsabilidades previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, de Xeral de Subvencións.

As entidades beneficiarias deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (transferencias bancarias) .

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito o seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvención así como cantas responsabilidades de toda orde puideran derivarse.

Artigo 11. PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

As achegas dos premios previstas no artigo 5 faranse mediante transferencia bancaria condicionada a posta en marcha do proxecto, este realizarase nun único pago logo de aportar a documentación que xustifique o inicio da actividade e o certificado de conta bancaria.

Este premio quedara anulado si a data 31 de agosto de 2019, a idea empresarial galardoada non se materializou a través dalgunha forma xurídica legal.

Adicionalmente existirá unha bolsa de 20 horas gratuítas a disposición de cada un dos 5 galardoados, que desexen recibir un asesoramento sobre o modelo de negocio, viabilidade por parte dos axente de emprego e desenvolvemento local da Deputación de Lugo ou por especialistas do ámbito universitario. Durante a posta en marcha do proxecto e nos seus primeiros anos de constitución.

Unha vez iniciada a actividade no prazo de **3 meses** enviarase a Área de Promoción Económica e Social

- Unha declaración responsable do custe definitivamente realizado desglosado por tipoloxía de gasto.
- Declaración responsable das axudas solicitadas e concedidas para a posta en marcha da iniciativa empresarial premiada e custes que financian con este premio.
- Declaración responsable do gasto ou gastos concretos nos que se inviste o premio . Este custe non poderá estar financiando por ningunha outra fonte de financiación na parte da contía do premio.

A Deputación de Lugo realizará un control in situ, para verificar a materialización do proxecto e a súa evolución aos 6, 18 e 24 meses dende a xustificación de inicio da actividade.

Artigo 12. ACEPTACIÓN DAS BASES, CAUSAS EXCEPCIONAIS

A participación neste concurso implica a integra aceptación das presentes bases e a resolución do premio.

As dúbidas ou controversias en relación de calquera índole serán resoltas pola comisión de valoración nomeada para o efecto, por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades beneficiarias.

Artigo 13. PENALIZACIÓNS

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión do premio, así como a falsidade documental, dará lugar á extinción do dereito o seu goce e á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ó previsto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puideran derivarse.

En todo caso o incumprimento de prazos na presentación das solicitudes do premio ou da subsanación da documentación correspondente se procede, suporá a exclusión do proceso de selección para o outorgamento da premio.

O incumprimento das obrigas establecidas nestas bases, terán a consideración de infracción e levaran consigo as sancións recollidas na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 14. RÉXIME DE RECURSOS

As resolucións de concesións ou denegación dos premios aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Artigo 15. PROTECCIÓN DE DATOS

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Xestión programas de emprego
Lexitimación	Cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento
Destinatarios	Durante da tramitación do expediente se publicará información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo. Está prevista a comunicación dos datos á AXENCIA DE COLOCACIÓN .
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o punto seguinte, “información adicional sobre a protección dos seus datos persoais”.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS

Aos efectos previstos no “Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)”, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

A información facilitada no formulario é titularidade da DEPUTACIÓN DE LUGO, domiciliada en Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.

Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

FINALIDADE

Na DEPUTACIÓN DE LUGO tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas coa fin da xestión de programas de emprego.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

Os datos persoais das persoas interesadas na recepción de información manteranse no sistema de forma indefinida en tanto o interesado non solicite a súa supresión.

LEXITIMACIÓN

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento no cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

DESTINATARIOS

Durante da tramitación do expediente se publicará información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo. Está prevista a comunicación dos datos á Axencia de Colocación e á Xunta de Galicia.

Non está prevista a transferencia internacional dos datos.

DEREITOS

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, en DEPUTACIÓN DE LUGO, estamos tratando datos persoais que lles concirnan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. DEPUTACIÓN DE LUGO deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexitimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a DEPUTACIÓN DE LUGO nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por DEPUTACIÓN DE LUGO de xeito automatizado (medios informáticos).

Artigo 17. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na:

- Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.

- A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Regulamento Xeral da Lei de Protección de Datos. Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As declaracións responsables previstas nestas bases fornecerán os efectos previstos polo artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

Lugo, 9 de novembro de 2018.- O PRESIDENTE, P.D Decreto Nº 0402/2017 de data 24-02-2017, O DEPUTADO PROVINCIAL, PABLO RIVERA CAPON



DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO I: SOLICITUDE PREMIOS “EMPREDENDO NO RURAL”

PROCEDEMENTO: PREMIOS EMPREDENDO NO RURAL	DOCUMENTO: SOLICITUDE
---	--------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

APELIDOS E NOME		DNI
ENDEREZO		CP
CONCELLO		PROVINCIA
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	DIRECCIÓN ELECTRÓNICA

DATOS DO REPRESENTANTE:

APELIDOS E NOME	DNI
-----------------	-----

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a : Persoa solicitante Persoa representante

ENDEREZO		CP
CONCELLO		PROVINCIA
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	DIRECCIÓN ELECTRÓNICA

DATOS BANCARIOS:

TITULAR DA CONTA	IBAN
------------------	------

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta pola Deputación Provincial de Lugo. No caso de que as persoas interesadas se opoñan, deberán achegar certificados actualizados dos documentos.

- Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social
 Certificación de estar ao día coa Administración Da Comunidade Autónoma de Galicia
 Certificación de estar ao día coa Axencia Estatal da Administración Tributaria
 Certificación de estar ao día coa Deputación Provincial de Lugo

En.....a.....dedo 2018.

(Firma do solicitante ou representante)

Opóñome á consulta

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a.....
 con NIF na miña condición de representante da
 entidade..... con
 NIF.....

DECLARO baixo xuramento e a miña responsabilidade manter o cumprimento das obrigacións durante o período de tempo que dure o programa, segundo o establecido no art. 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

1. Que todos os datos que figuran na solicitude, e nos seus anexos, na memoria técnica e demais documentos , son certos.
2. Que coñezo e acepto as condicións das bases da convocatoria así como todos os requisitos, compromisos e deberes contidos na mesma.
3. Que no caso de que se me conceda o premio, está destinarase na súa totalidade para o mesmo fin para o cal foi concedido, axustándose os termos establecidos na convocatoria.
4. No caso de resultar premiado deberá formalizar a iniciativa empresarial con data limite 31 de agosto de 2019 e manter a actividade premiada un prazo mínimo de 2 anos dende a data de inicio de actividade.
5. Comunicar calquera modificación que afecte a solicitude inicial.
6. Someterse as actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación Provincial de Lugo
7. Non encontrarse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En.....a.....dedo 2018.

(Firma do solicitante ou representante)

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

COMPOSICIÓN DAS MESAS DE CONTRATACIÓN RESPECTO DOS PROCEDEMENTOS NOS QUE A XUNTA DE GOBERNO TEN ATRIBUÍDAS COMPETENCIAS COMO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 26 de outubro do 2018, adoptou entre outros o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Efectuar as seguintes determinacións en relación á composición das mesas de contratación respecto dos procedementos nos que a Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de contratación

1ª.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno do 28 de marzo do 2014 no que respecta aos seus apartados 1,2 e 4 relativos á composición xenérica das mesas de contratación nos procedementos nos que esta Xunta de Goberno ten atribuídas competencias como órgano de contratación.

2ª.- Determinar, ao abeiro do apartado 7 da D.A. 2ª da LCSP, en relación co artigo 326 de dita lei e o artigo 21 do RD 817/2009, que a composición xenérica das mesas de contratación para intervir en todos os procedementos de contratación abertos, abertos simplificados, abertos “*supersimplificados*” (art. 159.6 da LCSP), restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación e negociados con e sen publicidade, de competencia desta Xunta de Goberno, será a seguinte:

PRESIDENTE:

A persoa que exerza a titularidade da xefatura do Servizo de Contratación e Fomento.

VOGAIS:

- 1.- A persoa que exerza a titularidade da Secretaría Xeral
- 2.- A persoa que exerza a titularidade da Intervención Xeral desta Deputación Provincial.
- 3.- Un funcionario/a ou persoal laboral fixo integrado no servizo, sección ou unidade que propoña o expediente de contratación. A incorporación, de ser o caso, de persoal laboral fixo, será xustificada en cada procedemento de contratación.
- 4.- Un funcionario/a do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2 ou persoal laboral fixo do grupo A ou B segundo o previsto ao efecto para o persoal laboral polo artigo 6.2 do vixente Regulamento de acceso, carreira e provisión de postos da Deputación Provincial de Lugo, de calquera servizo, sección ou unidade da Deputación Provincial de Lugo. A incorporación, de ser o caso, de persoal laboral fixo, será xustificada en cada procedemento de contratación. Fornecerase a presenza rotatoria, en función da especialización, deste persoal. Non obstante ao anterior este vogal da mesa, unha vez desenvolva a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo publicada no BOP de Lugo nº190 con data 10 de agosto do 2018, na que se contempla a existencia, dentro da Asesoría Xurídica, dun Departamento Consultivo de Contratación, será substituído pola persoa que ocupe o posto de traballo de letrado con funcións en materia de contratación.

Con carácter excepcional, naquelas prestacións que se realizan a través do sistema de cooperación interadministrativa cos concellos e nos que a Xunta de Goberno da entidade provincial exerza funcións como órgano de contratación, poderán formar parte das mesas de contratación, un vogal máis, nomeado entre o persoal funcionario ou laboral fixo que presten servizos nos concellos que participen nos correspondentes expedientes de contratación, pertencentes a calquera grupo profesional.

SECRETARIO, con voz e sen voto:

Un funcionario/a do servizo de contratación e fomento, preferentemente do Grupo A, Subgrupo A1 ou A2.

Poderán formar parte das mesas de contratación funcionarios interinos unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente. En ningún caso poderán formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual.

3ª.- O órgano de contratación en cada prego de cláusulas administrativas particulares, determinará:

- a) O persoal funcionario (preferente) ou laboral fixo que actuará como suplente dos membros titulares da mesa de contratación.
- b) A procedencia de incorporar outros funcionarios ou asesores especializados que se entendan necesarios, segundo a natureza dos expedientes, o seu obxecto e modalidade, etc, os cales actuarán con voz pero sen voto; canto antecede sen merma de que a propia mesa pida informes técnicos específicos para mostrar e manifestar a súa posición.

- c) A posibilidade de que as Mesas de contratación poidan, así mesmo, solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. Dita asistencia deberá ser autorizada polo órgano de contratación e deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades dos técnicos ou expertos asistentes, a súa formación e a súa experiencia profesional.
- 4ª. Cada grupo político provincial poderá designar un representante para asistir ás mesas de contratación, precisando a condición na que asiste das que se indican de seguido:
- Sen voz e voto.
 - Con voz e sen voto.
 - Con voz e con voto

No caso de que como consecuencia de ditas designacións se supere o número máximo de membros electos que poden formar parte das mesas de contratación, e que segundo o previsto polo apartado 7º DA 2ª da LCSP establécese nun tercio do total de membros das mesmas, realizaranse as modificacións oportunas na súa composición para dar cumprimento a este extremo.

5ª. A composición permanente da mesa de contratación publicarase no BOP de Lugo e no perfil do contratante de contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxada na plataforma de contratos de sector público (www.contrataciondelestado.es). Os suplentes, así como os integrantes non permanentes, para determinados expedientes ao igual que os asesores, técnicos e expertos independentes serán dados a coñecer no mesmo perfil do contratante.

En Lugo, a 6 de novembro do 2018. O PRESIDENTE. P. D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3168

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 15/11/2018 e finalizará o día 15/01/2019, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O SAVIÑAO	2º-semester-2018	Taxa pola recollida do lixo
SAMOS	2º-semester-2018	Taxa pola recollida do lixo
O PARAMO	3º- trimestre-2018	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
A POBRA DO BROLLÓN	1º-semester-2018	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon da auga da Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	1º-semester-2018	Taxa polo subministro de auga e Canon auga Xunta de Galicia
O VICEDO	1º-semester-2018	Taxa lixo, sumidoiros, auga e Canon auga Xunta Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constriximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes,

tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lugo, 31 de outubro de 2018.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016, A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez.

R. 3113

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
O SAVIÑAO	2º-semester-2018	Taxa pola recollida do lixo
SAMOS	2º-semester-2018	Taxa pola recollida do lixo
O PARAMO	3º- trimestre-2018	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos
A POBRA DO BROLLÓN	1º-semester-2018	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon da auga da Xunta de Galicia
NAVIA DE SUARNA	1º-semester-2018	Taxa polo subministro de auga e Canon auga Xunta de Galicia
O VICEDO	1º-semester-2018	Taxa lixo, sumidoiros, auga e Canon auga Xunta Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 31 de outubro de 2018.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016, A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez.

R. 3117

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 06/11/2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de novembro 2018 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 07/01/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 7 de novembro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3139

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2018 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó terceiro trimestre do exercicio 2018.

O importe total do padrón ascende a DEZANOVE MIL CATROCENTOS NOVE EUROS E NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (19.409,96€), sendo o período voluntario de cobro dende o **día 01 de novembro de 2018 ao 01 de xaneiro de 2019** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 3º trimestre 2018.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 600

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 13.900,70€; IVE: 1.390,07€; Canon Xunta Cota fixa: 1.533,63€; Canon Xunta Cota Variable: 2.585,56€, Total importe padrón: 19.409,96€

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 31 de outubro de 2018.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3140

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito núm. 1/2018

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 2 de outubro de 2018, sobre o expediente de suplemento de créditos núm. 1/2018 do orzamento en vigor, financiado con cargo ao Remanente líquido de tesourería, como segue a continuación:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
1	Gastos de persoal	1.025.271,72	1.177.855,40
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.223.931,93	2.613.396,98
3	Gastos financeiros	23.000,00	23.110,00
4	Transferencias correntes	186.645,24	189.545,24
6	Investimentos reais	1.376.662,84	1.663.437,34
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	60.000,00	595.731,13
IMPORTE TOTAL		4.895.511,73	6.263.076,09

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
1	Impostos directos	1.453.866,36	1.453.866,36
2	Impostos indirectos	100.000,00	100.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	481.800,00	481.800,00
4	Transferencias correntes	1.983.285,39	2.073.438,39
5	Ingresos patrimoniais	98.821,20	98.821,20
6	Enaxenación de inversión reais	16.681,39	16.681,39
7	Transferencias de capital	761.057,39	868.840,44
8	Activos financeiros	0,00	1.169.628,31
IMPORTE TOTAL		4.895.511,73	6.263.076,09

O que se publica para os efectos previstos na lexislación citada, facendo constar que contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto no artigo 171 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, na forma e prazo establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castro de Rei, 7 DE NOVIEMBRE DE 2018.- Alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3141

CASTROVERDE

Anuncio

Pola Xunta de Goberno, na sesión celebrada o día 31 de outubro de 2018, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2018:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (3º trimestre do ano 2018).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 31 de outubro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 08 de novembro de 2018.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 3169

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 6/2018, (terceiro de competencia do Pleno), para créditos extraordinarios e suplementos de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión celebrada o día vinte e sete de setembro de dous mil dezaioito, por un importe total de DOUSCENTOS SETENTA E CINCO MIL EUROS (275.000,00 €), con cargo ao Remanente líquido de Tesourería dispoñible do exercicio anterior na data de aprobación deste expediente, para investimentos financeiramente sostibles e outras necesidades; de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.- Operacións non financeiras				
A. 1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	924.291,21	0,00	924.291,21
2	Gastos B. Correntes e Servizos	1.801.367,24	+ 142.000,00	1.943.367,24
3	Gastos financeiros	4.500,00	0,00	4.500,00
4	Transferencias correntes	121.630,24	+ 7.000,00	128.630,24
5	Fondo de Continxencia	0,00	0,00	0,00
A. 2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	1.019.168,40	+ 126.000,00	1.145.168,40
7	Transferencias de Capital	5.700,00	0,00	5.700,00
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
Total		3.876.657,09	275.000,00	4.151.657,09

No mesma sesión plenaria, acordouse a modificación do Anexo de Inversións e do Anexo da Base de Execución do Orzamento número 13ª, no relativo á relación de subvencións nominativas previstas, engadindo as seguinte para o presente exercicio:

- Escudería Miño - Lugo.- NIF G27166677.- Importe: 6.000,00 euros.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 07 de novembro de 2018.- O Alcalde.- Por Delegación: Decreto de 29/10/2018, Jesús Julio Cortiña López.

R. 3142

LÁNCARA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Por decreto desta alcaldía de data 30 de outubro de 2018, aprobouse o padrón de sumministración de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 3º trimestre 2018.

O importe total do padrón ascende a 57.627,59 €, sendo o período voluntario de cobro dende o día 15 de novembro de 2018 ao 15 de xaneiro de 2019, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

En Láncara, 12 de novembro de 2018.- O alcalde, Darío A Piñeiro López.

R. 3181

LUGO

Anuncio

Na sesión plenaria celebrada o día 25 de outubro de dous mil dezaoitto, adoptouse o acordo seguinte:

“Aprobar o expediente de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (1/2018) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe
23182.22799	Outros traballos realiz. p/outras empresas e prof.	369.059,00 €
23179.48901	Outras transferencias a familias e institucións sen fins	150.000,00 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	519.059,00 €

O acordo expónse ao público na Intervención Xeral Municipal, por un prazo de quince días hábiles, computando o devandito prazo a partires do día seguinte á inserción do presente edicto no B.O.P., todo elo aos efectos de reclamacións, que se presentarán ante o Pleno municipal.

Lugo, 7 de novembro de 2018.- O ILMO. TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVIMENTO ECONÓMICO, por suplencia, Miguel Fernández Méndez.

R. 3170

MURAS

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO PAGO DA FACTURA DA LUZ DO CONCELLO DE MURAS NO EXERCICIO 2018

Exposición de motivos

Galiza é unha potencia enerxética, somos un país que exporta unha boa parte da enerxía que produce, e non é de agora, pois xa no ano 1961 Galiza chegou a exportar o 76,6% da electricidade producida. Segundo o último estudo enerxético do INEGA, que fai referencia a datos do 2012, exportamos arredor do 40% da enerxía que producimos, tendo en conta que o 10% da potencia instalada de España, está en Galiza. E segundo eses mesmos datos, as exportacións de enerxía transformada e xerada en Galiza aumentaron nun 19,8% no 2012.

O 34% da enerxía primaria galega procede do vento, que é o recurso natural que se explota no noso concello e seguindo os datos mencionados do ano 2012, queremos sinalar que no noso país existen 153 centrais eólicas, das que 20 están aloxadas no noso municipio e contan con 381 muíños eólicos. A potencia instalada eólica de Galiza era de 3.313 MW (o 31% do Estado Español), e produciu nese mesmo ano 8.059 GWh (o 27.25% do Estado Español), namentres, só consumimos 693 Ktep. Nese ano 2012, a electricidade procedente de fontes renovábeis, supuxeron o 66.4% da electricidade consumida en Galiza, alcanzando cotas maiores noutros anos, como no 2010, que chegou ao 94.5%. Observamos pois, que a electricidade xerada é maior que a consumida, pois a vista queda que temos taxas de autoabastecemento moi significativas. En definitiva, fica claro que Galiza é netamente exportadora de enerxía eléctrica, o que nos converte nunha potencia enerxética, como anotabamos ao principio, e soportando importantes custos sociais e ambientais, mais nunca esta capacidade repercute en beneficio do pobo galego e da súa economía, como imos ver a continuación.

A coñecida como factura da Luz subiu nos últimos dez anos, case o 80%, para os consumidores finais. O prezo da electricidade aumenta, aportando grandes beneficios ás empresas enerxéticas, en boa medida grazas aos cambios normativos das reformas eléctricas, facilitados polos gobernos do Estado en Madrid. Houbo un incremento do 150,1% do prezo do kilovatio de potencia contratada, con respecto ao vixente en 2005, e do 66,2 % do prezo do kilovatio-hora consumido. Na lexislatura 2012-2015 produciuse a gran subida, que foi dun 16,2% e representou arredor de 500 euros acumulados para o usuario medio. Hoxe o recibo do usuario medio situouse

en 66,37 euros en xuño, no caso de usuarios con contadores sen a tarificación por horas. En canto ao prezo da enerxía consumida, o kWh supuxo durante o mes pasado unha media de 12,78 céntimos (10,05 máis impostos). En canto á tarifa pola potencia contratada, mantense en 4,46 euros por kW ao mes (3,50 máis impostos).

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos. Galiza debería ter unha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Segundo datos recentes en Galiza unhas 187.119 persoas, o 18 % do total da poboación, teñen dificultades para aboar as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción). Podemos definir a situación de pobreza enerxética cando unha unidade de convivencia ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas-electricidade) da súa vivenda, e son moitas as familias que se atopan nesa situación. Vemos pois, como nos últimos anos, a pesares de aumentar a potencia instalada en Galiza e os beneficios das empresas eléctricas, os prezos da electricidade seguen incrementando, sen que repercuta ningún beneficio nos galegos e galegas.

Calquera país produtor como o noso, ten dereito a controlar os seus recursos, tamén os enerxéticos, e non verse por iso gobernada nun elemento tan central para o desenvolvemento económico, polas decisións que se adoptan no Estado en función dos intereses do oligopolio das eléctricas e de seguir perpetuando un sistema onde os territorios que non teñen enerxía, que só son consumidores, son amplamente subvencionados por aqueles, como Galiza, que sacrifican os seus recursos para a produción de enerxía. Cómpre ter maior decisión sobre o control de recursos tan prezados como os que serven de sustento para a produción de enerxía, e tamén do uso e destino desa enerxía, dado o seu carácter estratéxico para moitas actividades económicas, e para poñelos ao servizo dos galegos e galegas, evitando tamén así a pobreza enerxética á que nos referiamos anteriormente.

Queremos destacar a normativa vixente internacional e estatal que avalan o cometido que pretendemos con esta ordenanza. Dispón a Declaración Universal dos Dereitos Humanos no seu artigo 25 que “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como a súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”.

A Constitución española establece no artigo 39.1. e 40 que “os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.” E que “os poderes públicos promoverán as condicións favorábeis para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica.” Na mesma carta magna dispón o artigo 45 que “os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva” e finalmente é o artigo 50 o que determina que “os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas y periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.”

Aínda que a nosa administración municipal non ten competencias para regular o sector enerxético, cabe salientar tamén a lexislación vixente internacional sobre os recursos naturais, que avalaría as propostas mencionadas anteriormente sobre a capacidade decisoria que deberíamos ter nun país produtor como o noso, e avalan tamén dende o punto de vista político, ético e moral o espírito desta ordenanza municipal. Neste sentido, o Pacto Internacional de 19 decembro de 1966, sobre dereitos económicos, sociais e culturais, que foi aprobado no Estado Español mediante Instrumento de Ratificación o 13 de abril de 1977, establece no artigo 1º que “Todos os pobos teñen o dereito de libre determinación. En virtude deste dereito establecen libremente a súa condición política e proveen, así mesmo, ao seu desenvolvemento económico, social e cultural. Para o logro dos seus fins, todos os pobos poden dispor libremente das súas riquezas e recursos naturais, sen prexuízo das obrigas que derivan da cooperación económica internacional baseada no principio de beneficio recíproco, así como do dereito internacional. En ningún caso podería privar a un pobo dos seus propios medios de subsistencia.” No mesmo texto o artigo 11.1. establece que “os Estados Partes no presente Pacto recoñecen o dereito de toda persoa a un nivel de vida adecuado para si e a súa familia, incluso alimentación, vestido e vivenda adecuados, e a unha mellora continua das condicións de existencia. Os Estados Partes tomarán medidas apropiadas para asegurar a efectividade deste dereito, recoñecendo a este efecto a importancia esencial da cooperación internacional fundada no libre consentimento”. Por último, o artigo 25 di que “Ningunha disposición do presente Pacto deberá interpretarse en menoscabo do dereito inherente de todos os pobos a desfrutar e utilizar plena e libremente as súas riquezas e recursos naturais”.

Por todos estes motivos, e en base ás nosas competencias, este goberno municipal de Muras con esta ordenanza pretende dar cumprimento ao mandato de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas, evitando que exista a pobreza enerxética nos seus fogares. A riqueza que xera o noso concello co vento, debe repercutir de maneira directa nas persoas que levan vivindo dende hai séculos neste territorio, ademais de compensar o sufrimento directo polo impacto medioambiental, tanto na paisaxe do entorno como pola contaminación acústica.

Ante a impasibilidade do goberno do Estado e da Xunta de Galiza, para que o noso país teña unha tarifa eléctrica máis barata como produtores que somos de enerxía, nós non nos resignamos a quedar parados e estáticos ante esta aldraxe, e ademais cumprimos coa nosa palabra. Desta maneira, e dentro das competencias que nos outorga a Lei de bases do réxime local, e grazas ao impulso da equipa de goberno, o Concello de Muras aprobou no orzamento deste ano 2018, unha partida de gastos 165/48300, condicionado á correspondente aprobación previa do orzamento do exercicio de 2019, de recursos propios para axudar ao pagamento da factura da luz a todos os veciños e veciñas empadroados no noso municipio. A presente ordenanza municipal regula o procedemento para conceder estas axudas económicas que os veciños e veciñas de Muras tanto merecen.

1.-OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de axudas ao pago da factura da luz dos veciños de Muras, durante o exercicio 2018.

A través da presente convocatoria, o Concello de Muras propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Garantir o nivel de calidade de vida e de benestar de todos os veciños do concello de Muras, especialmente a suficiencia económica da terceira idade, xa que constitúe o sector maioritario da nosa poboación.
- Compensar a xeración de riqueza dos nosos recursos naturais explotados por empresas con sedes fiscais fóra do noso territorio, e tamén compensar o impacto medioambiental de forma directa nos veciños e veciñas.
- Fomentar o asentamento de veciños no noso municipio, evitando o éxodo rural á costa e ás cidades.
- Erradicar do noso municipio a pobreza enerxética.

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

2.1 GASTOS SUBVENCIONABLES.

Poderán ser subvencionados os gastos de consumo eléctrico do ano 2018 que teña cada unidade familiar que conste no padrón de habitantes do concello de Muras. O consumo eléctrico debe estar destinado exclusivamente á actividade doméstica.

Non se subvencionarán os gastos de consumo eléctrico de contadores a nome de sociedades mercantís ou vinculados a actividades industriais ou comerciais, como talleres, bares, restaurantes, fornos, etc...No caso de que unha vivenda compartía o contador cunha actividade comercial, só se terá en conta a terceira parte do consumo total facturado.

Para determinar a cantidade da axuda, só se terán en conta as facturas aportadas polo solicitante, xunto coa documentación requirida nestas bases.

2.2 MOMENTO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS FINANCIADOS.

Os gastos para os que se solicite a axuda municipal deberán ter sido efectuados dentro do exercicio 2018.

3.-ORZAMENTO.

O Concello comprométese a reservar na partida orzamentaria de gastos 165/48300, a cantidade de 70.000€, condicionados a aprobación previa do orzamento do exercicio de 2019.

4.- CONTÍA DAS ACHEGAS E COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO.

4.1 CONTÍA INDIVIDUAL DAS ACHEGAS.

O importe individual das achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria non poderá superar os 500€ por unidade familiar.

A axuda económica concederáse en función da “Renda per Cápita” anual da unidade familiar.

O baremo, as porcentaxes e os límites das axudas son as establecidas na seguinte táboa:

RENTA PER CAPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	PORCENTAXE DA AXUDA	LÍMITE ANUAL DA AXUDA	LÍMITE SEMESTRAL DA AXUDA
<11.000€	Ata o 100% do consumo	500€	250€
11.001€ - 15.000€	Ata o 90% do consumo	400€	200€

15.001€ - 22.000€	Ata o 80% do consumo	300€	150€
>22.001€	Ata o 70% do consumo	200€	100€

5- DESTINATARIOS.

Poderán optar a estas axudas cada un dos representantes das unidades familiares que consten no censo de empadramento do Concello de Muras. Para este procedemento terase en conta o padrón municipal de habitantes e vivendas que conste no rexistro do concello o día da súa aprobación no pleno da corporación municipal.

Concederase unha soa axuda a cada representante da unidade familiar que o solicite.

Concederase unha soa axuda por vivenda habitual e por contador da luz destinado á vivenda habitual. No caso de edificios de vivendas, poderase conceder a axuda a cada vivenda que forme parte del e que así conste no padrón municipal de habitantes. Non poderán optar a estas axudas as vivendas que teñan débedas coa administración local, agás que sexan abonadas antes do remate do prazo para presentar as solicitudes.

Non poderán optar a estas axudas as persoas ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As persoas solicitantes deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Na AEAT, Na axencia tributaria de Galicia e no Concello de Muras), así como coa Seguridade Social.

As persoas solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

6.1 LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Muras de forma presencial ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.2 PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo de presentación será o mes de febreiro de 2019. No caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ate o inmediato hábil seguinte.

6.3 DOCUMENTACIÓN INTEGRANTE DAS SOLICITUDES.

As solicitudes deberanse presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos nas presentes bases, xunto coa documentación requirida.

Non se terán en conta, as cantidades abonadas polos usuarios de consumo de luz eléctrica, que non estean xustificadas mediante a correspondente factura da luz. Concretamente, non se terán en conta os xustificantes bancarios de domiciliación de recibos da luz.

ANEXO 1 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- Copias cotexadas das facturas do consumo eléctrico DO ANO 2018.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da axuda.
- Copia cotexada da declaración do IRPF do ano inmediatamente anterior (2017). No caso de non estar obrigado a facer a declaración do IRPF, deberase aportar un certificado expedido pola AEAT (Axencia Española da Administración Tributaria) de imputacións do IRPF.
- Copia cotexada do/s certificado/s de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións ou subsidios procedentes do estranxeiro.

7.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

7.1 TRAMITACIÓN.

A presente convocatoria será tramitada polo Concello de Muras, que terá o carácter de órgano xestor aos efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, e será aprobada despois da proposta motivada da comisión avaliadora, na que conste que os beneficiarios reúnen todos os requisitos necesarios para accederen á condición de beneficiarios da achega solicitada.

Esta comisión avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: -O Alcalde

Vogais: - A Concelleira de Servizos Sociais

- A traballadora social do concello de Muras
- O/A portavoz de cada partido político con representación na Corporación Municipal
- A Secretaria do Concello de Muras, actuando como secretaria da Comisión

7.2 VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración da documentación aportada e de acordo co baremo establecido na base 4.1

A Comisión Avaliadora comprobará que os datos da solicitude correspóndense cos datos do padrón de habitantes, aportando a propia administración local copia do mesmo ao expediente da solicitude.

7.2 IMPORTE DA ACHEGA A CONCEDER.

O importe das contías terán o límite máximo de 500€ anuais e os límites establecidos na táboa de baremos da base 4.1

En caso de que a suma das achegas distribuídas de acordo co indicado neste punto supere o orzamento máximo da convocatoria que se sinala na base 3ª, todas as achegas determinadas segundo o anterior reparto, experimentaran a correspondente redución proporcional, ata axustárense a dito importe máximo.

7.4 NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.

O expediente así tramitado someterase á Alcaldía, ou ao órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación.

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes expresando de xeito motivado, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos. Dita resolución expresará o obxecto da axuda outorgada e a contía concedida,.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución de reparto de achegas). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso- administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de reparto de achegas).

Cumprida esta condición, a concesión en firme das axudas xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

7.5 ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiario/as das axudas deberán comunicarlle ao Concello de Muras, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a axuda concedida.

8.- PAGAMENTO.

O pagamento das axudas realizarase no prazo máximo de 3 meses dende a resolución da concesión das axudas.

O informe emitido pola comisión avaliadora indicará o importe da axuda inicialmente concedida que proceda aboar ao solicitante na conta bancaria indicada.

Para o cobro da subvención os solicitantes deberán certificar de estar ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Muras.

9.-CONTROL POSTERIOR DAS ACHEGAS CONCEDIDAS.

Para os efectos previstos no artigo 75.3 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, a comprobación das achegas concedidas levarase a cabo do seguinte xeito:

9.1.-NÚMERO TOTAL DE EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

1. As solicitudes presentadas serán numeradas en función da data e da hora de presentación no Rexistro Xeral do Concello.

2. De entre todas as solicitudes atendidas, seleccionaranse un 5% para o seu control posterior. A cantidade así obtida será redondeada ao exceso ata acadar un número enteiro. O número de expedientes que se revisen non será nunca inferior a dous.

9.2.-EXPEDIENTES OBXECTO DE REVISIÓN.

Os expedientes concretos obxecto de revisión serán seleccionados do seguinte xeito:

1. A solicitude presentada en último lugar será revisada sempre.
2. Os demais expedientes que se revisen serán os consecutivamente anteriores ao indicado no anterior apartado.

10.-REINTEGRO DAS AXUDAS.

As axudas serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.

11.-OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter os solicitantes doutras administracións públicas.

12.-RÉXIME SANCIONADOR.

O beneficiario quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei xeral de subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, desenvolto polo Título IV do Regulamento da citada Lei.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Órganos de control das axudas concedidas.

Os solicitantes das axudas concedidas polo Concello quedarán obrigados a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.-Protección de datos.

En cumprimento co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais facilitados, así como os que sexan requiridos posteriormente para completar o expediente, poderán ser incorporados a un ficheiro, cuxa titularidade corresponde ao Concello de Muras. Coa remisión dos datos, préstase consentimento expreso para que se poida levar a cabo o tratamento dos mesmos, sempre para o cumprimento das finalidades propias do Concello. Así mesmo, queda informado de que poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, oposición e cancelación dos seus datos mediante comunicación escrita ao Concello de Muras.

A presentación de solicitude de axuda implicará a aceptación da cesión dos datos contidos na mesma ao Concello de Muras con fins de estatística, avaliación e seguimento e para a comunicación dos diferentes programas subvencionados polo Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

O que se fai público, para xeral coñecemento e de acordo coa lexislación vixente.

Muras, 6 de novembro de 2018.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

ANEXO 1- SOLICITUDE DA AXUDA**CONVOCATORIA DE AXUDAS AO PAGO DA FACTURA DA LUZ DO CONCELLO DE MURAS NO EXERCICIO 2018**

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude:

D./D^a _____ NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

Tfno. ou nº móbil _____ Enderezo electrónico _____

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Muras, **SOLICITO** ao abeiro da mesma a concesión da axuda para o pago da factura da luz do exercicio 2018.

Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar :

- Solicitude cumprimentada e asinada do ANEXO I xunto ca Fotocopia do DNI.
- Copia cotexada das facturas do ano 2018.
- Copia cotexada da Declaración da Renda do ano 2017 ou Certificado da AEAT.
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da axuda.
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seg. Social.

Autorizo ao Concello de Muras a acceder aos meus datos persoais ou económicos que obren noutras Administracións ou Organismos, co único obxecto de recabar os certificados e información necesaria para a tramitación desta axuda municipal

Públicos y sea necesario para proporcionar la información solicitada

Muras, _____ de _____ de 2019

Sinatura do/da solicitante

Anuncio

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESTUDANTES PARA O CURSO 2018-2019

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS”

O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando que “co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso”.

Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei establece taxativamente que “para garantir a igualdade a todos as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo. Na ensinanza postobligatoria as becas e axudas ó estudo terán en conta ademais o rendemento escolar do alumnado”.

O acceso ó ensino é un dereito de toda a cidadanía, independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Ao grande esforzo que lle supón ás familias a compra do material escolar, roupa, calzado..., para os seus fillos e fillas, hai que engadirlle os gastos de transporte no ensino postobligatorio, gastos estes últimos, moi superiores pola nosa condición de concello rural.

O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás familias o ensino dos seus fillos/as. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade.

Xa que logo, desde o Concello de Muras considérase necesaria a creación dun sistema regrado de bolsas escolares para estudantes do noso Concello.

1.- OBXECTO.

O Concello de Muras crea un fondo de subvencións en concepto de becas a familias do Municipio , co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades compensando solidariamente as desigualdades económicas e favorecendo a inclusión social , para, que desta maneira, evitar situacións de emerxencia social. Para elo, establécense becas coas seguintes finalidades:

- Para a compra de libros e material didáctico complementario para alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria, educación especial, bacharelato, formación profesional e estudos universitarios.
- Para gastos de alugueiro e transporte para alumnos de bacharelato, formación profesional e estudos universitarios.

O concello comprométese a reservar unha partida orzamentaria suficiente con cargo á aplicación 326.48100 nos vindeiros orzamentos do ano 2019

2.- BENEFICIARIOS/AS.

2.1.- Teñen a condición de beneficiarios/as os/as estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o/a estudante estea empadroadado (xunto ao resto dos membros da súa unidade familiar (1) no Concello de Muras cunha antelación de 1 ano no momento da convocatoria e ata a finalidade do curso escolar para o que se lle concedeu a axuda; e que teña a residencia habitual e efectiva no Concello de Muras.

1) Segundo a Axencia Tributaria, constitúen Unidade familiar:

1. A formada polos cónxuxes non separados legalmente, e si os houbera:

a) os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentes destes.

b) os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

2. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial (solteiros, parellas de feito..), a formada polo pai ou a nai e tódolos fillos que convivan con un ou outro e cumpran os requisitos do apartado anterior.

Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

Para a determinación dos membros da unidade familiar terase en conta e a situación existente a data 31 de decembro de cada ano.

- b) No caso de axuda para material didáctico complementario, que o/a alumno/a curse estudos de educación infantil ou primaria, en centros situados no Concello de Muras.
- c) No caso de axuda por transporte e alugueiro, que o estudante curse estudos para os que fora necesario desprazarse ou aloxarse fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo. Para a adxudicación da contía ligada á residencia do/a estudante durante o curso requirirase que o/a solicitante acredite a necesidade de residir fóra do domicilio familiar durante o curso, por razón da distancia entre o mesmo e o centro docente, os medios de comunicación existentes.
- d) No caso de axuda a estudantes que cursen estudos universitarios, que o estudante estea matriculado en titulacións de estudos oficiais ou propios da Universidade fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo.
- e) No caso de educación postobrigatoria, que os/as estudantes teñan superado o curso e pasen ao seguinte e no caso de estudantes universitarios que teñan superado o 50% dos créditos das materias nas que se matricularon, sempre e cando a matrícula sexa superior a 48 créditos.
- f) Que o/a beneficiario/a non teña axudas ou subvencións pendentes de xustificar ante o Concello de Muras.

Nos supostos dos estudantes que, cumprindo os anteriores requisitos, sexan menores de idade, terá a condición de beneficiario/a o pai, nai ou titor do mesmo.

2.2.- Os/As beneficiarios/as terán as seguintes obrigas ante o Concello de Muras:

- Cumprir a actividade obxecto da subvención
- Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.
- Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

3.- SOLICITUDES.

3.1.- As solicitudes para a concesión da presente axuda formalizaranse no modelo de solicitude e demais anexos establecido a tal fin e presentarse no rexistro xeral do Concello e deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI do/a solicitante e do/a estudante. Fotocopia compulsada do libro de familia, no caso de que os nenos/as aínda non teñan DNI.
- Fotocopia compulsada da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.
- Certificado ou copia cotexada do expediente académico do curso anterior.
- Certificado de discapacidade, de ser o caso.
- No caso de axudas para material didáctico complementario, factura de compra dos libros e material didáctico na que deberá constar a identificación do solicitante (ou pai/ nai/ titor/ gardador de feito) e o detalle do material adquirido, expedida cos requisitos previstos no RD 1496/2003, do 28 de novembro, Regulamento de facturación.
- No caso de axudas para aloxarse fóra do municipio por motivos de estudo, copia do contrato de alugueiro, onde figure como titular do contrato o solicitante así como copia dos xustificantes do pagamento (deberanse aportar ao remate do curso escolar)
- Copia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio presentado de todos os membros da unidade familiar, só no caso dos solicitantes de axudas para estudos universitarios. Nos casos en que non exista obriga de presentar declaración do IRPF, presentarase o certificado de renda emitido pola AEAT. En base aos datos proporcionados nese certificado, deducirase a cantidade correspondente por cónxuxe e/ou por fillos/as sobre os rendementos brutos especificados.
- Autorización para a comprobación por parte do concello do empadramento no Concello de Muras do estudante e Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.
- Datos bancarios do beneficiario para recibir a subvención.

3.2.- O prazo de presentación de solicitudes será de **vinte días naturais** , contando dende o día seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que irá acompañada de bandos no termo municipal para unha mellor difusión e publicidade da mesma e na páxina web oficial do concello www.muras.gal

4.- PROCEDIMENTO

4.1.- A instrución do procedemento corresponderalle a un/unha traballador/a do Departamento de Servizos Sociais, que deberá avaliar as solicitudes presentadas e requirir as emendas que procedan para que as mesmas

cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases. O prazo de emendas será de dez días improrrogables; no suposto de que os defectos se consideren non emendables, o órgano instrutor propondrá a non admisión.

4.2.- Avaliadas as solicitudes polo órgano instrutor, emitirase proposta de resolución por parte da Alcaldía.

4.3.- Contía máxima:

Establécense os seguintes tipos de becas, libros, material complementario, transporte e aloxamento, en función das etapas educativas, dotadas coas seguintes contías:

- Segundo ciclo de educación infantil (3 a 5 anos) : **Ata 50 €**
- Educación primaria (do primeiro ao sexto curso) : **Ata 50 €**
- Educación secundaria obrigatoria (do primeiro ao cuarto curso): **Ata 200 €**
- Bacharelato (do primeiro ao segundo curso): **Ata 200 €**
- Alumnado matriculado nun centro de educación especial ou en unidades de educación especial ou cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% : **Ata 250 €**. Non obstante, a contía da axuda poderá verse incrementada si estes/as alumnos/as se atopan nun curso Universitario ou de Formación Profesional, ata o máximo establecido para aqueles.
- Estudantes Universitarios e de Formación profesional:
 - 1.000€** si os ingresos da unidade familiar non son superiores a 3 veces o IPREM
 - 500€** si os ingresos da unidade familiar quedan entre 3 e 4 veces o IPREM
 - 350€** si os ingresos da unidade familiar superan 4 veces o IPREM

En caso de que a suma de todos os importes das solicitudes superen o crédito reservado para tal fin, efectuarase un prorrateo proporcional a todas as solicitudes.

5.- RESOLUCIÓN.

5.1.- O Alcalde, en base á proposta da Concellería correspondente, e previo o informe da Intervención Municipal, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas. A resolución conterá a relación dos/das beneficiarios/as e os importes das axudas, así como as solicitudes desestimadas coa motivación que proceda.

5.2.- A notificación da resolución definitiva realizarase antes do remate do curso en vigor. Esta resolución notificarase ós beneficiarios, de acordo co artigo 42 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A falta de notificación no prazo establecido lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Asemade, a resolución de concesión publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello.

5.3.- Contra a resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer, de conformidade co preceptuado no artigo 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da presente resolución, ou directamente recurso contencioso administrativo ante ao Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acordo.

Todo iso, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime conveniente en defensa dos seus intereses.

6.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

6.1.- Tratándose de axudas concedidas para aloxamento fora do municipio por motivos de estudo, requirirase a presentación de copia cotexada do contrato de alugueiro onde figure como titular do contrato o solicitante, así como os xustificantes de pagamento do alugueiro. Xunto coa solicitude deberase asinar unha declaración xurada de que o solicitante formalizou un contrato de alugueiro ou que o vai formalizar durante o curso. Deberase aportar esta documentación ao finalizar o curso escolar, e no caso de non ser aportada a axuda quedará revogada e procederá o reintegro da mesma.

Tratándose de axudas concedidas para libros e material didáctico a xustificación entenderase realizada coa presentación da factura dos gastos de adquisición dos libros, a unir á solicitude, de acordo co artigo 3 da ordenanza.

A falta de xustificación ou xustificación insuficiente dará lugar á perda do dereito da subvención por parte do/a beneficiario/a, polo que procederá a tramitación do reintegro da axuda por parte do órgano concedente e previo o informe da Intervención Municipal.

6.2.- O aboamento da subvención realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo/a beneficiario/a, no prazo de un mes dende o día seguinte a data da resolución.

7.- REINTEGRO

7.1.- Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente
- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda
- Demais supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións

7.2.- O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

8.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións.

Muras, a 25 de Outubro de 2018.- O ALCALDE, Manuel Requeijo Arnejo.

ANEXOS

- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
- CERTIFICACIÓN MATRICULACIÓN
- CERTIFICADO CENTRO ESCOLAR
- DILIXENCIA CONSTATAR EMPADROAMENTO NO CONCELLO
- ACREDITACIÓN DA NECESIDADE DE SOLICITAR AXUDA DE TRANSPORTE E/OU ALUGUEIRO

ANEXO I.-SOLICITUDE DE AXUDAS A ESTUDANTES PARA O CURSO 2018-2019

DATOS	APELIDOS E NOME DO/A SOLICITANTE:															NIF									
	APELIDOS E NOME DO PAI OU TITOR LEGAL:															NIF									
	APELIDOS E NOME DA NAI OU TITORA LEGAL:															NIF									
	DIRECCIÓN															TELÉFONO									
	CONTA BANCARIA DE ABONO (IBAN):																								
SOLICITUDE	<p>SOLICITA que lle sexa concedida a axuda para:</p> <p><input type="checkbox"/> Libros de texto e material complementario</p> <p><input type="checkbox"/> Axuda para alugueiro e/ou transporte.</p> <p>correspondente ao <i>a</i> alumno/a EMPADROADO/A neste Concello cos seguintes datos:</p> <p>APELIDOS E NOME:</p> <p>CURSO:</p> <p>CENTRO DE ENSINANZA:</p>																								
AUTORIZACIÓN	<p>O/A Solicitante AUTORIZA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO ao Concello de Muras a obter a seguinte documentación:</p> <p>- Certificado de empadramento.</p> <p>-Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.</p>																								

DECLARACIÓN	<p>DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do DNI do solicitante e do estudante.</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do libro de familia, no caso de que os nenos/as aínda non teñan DNI.</p> <p><input type="checkbox"/> Autorización para a comprobación por parte do concello do empadramento no Concello de Muras do estudante.</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado ou copia cotexada do expediente académico do curso anterior</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para material didáctico complementario, factura de compra dos libros e material didáctico .</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para aloxarse fora do municipio por motivos de estudo, copia do contrato de alugueiro.</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social. (</p> <p><input type="checkbox"/> Copia cotexada da declaración do IRPF do último exercicio presentado de todos os membros da unidade familiar ou certificado de renda emitido pola AEAT.</p> <p>Os/as abaixo asinantes declaran baixo a súa responsabilidade que:</p> <p>- Cumpren os requisitos esixidos nesta Convocatoria de axudas a estudantes para o curso 2018-2019 do Concello de Muras.</p> <p>- Que se adquiriu os libros e/ou material escolar para o curso para o que se concede a axuda.</p> <p>- Que os datos incorporados nesta solicitude axústanse a realidade, autorizando ao Concello a obter tanta información estime oportuna para a comprobación dos datos comunicados na solicitude, así como os relativos ao cumprimento das súas obrigacións tributarias e o cumprimentos dos requisitos establecidos para obter, percibir a axuda, así como a comprobación dos datos de escolarización do/a alumno/a e do empadramento no Concello de Muras do/a estudante.</p> <p>En Muras a _____ de _____ de _____</p> <p>ASDO. _____</p>
--------------------	---

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Muras. Entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A finalidade deste tratamento consiste no rexistro de solicitudes e documentos dos/das cidadáns dirixidos ás solicitudes das axudas a estudantes, o seu control ,pago e xustificación requerida.
Lexitimación para o tratamento	Bases reguladora da convocatoria para a concesión de axudas a estudantes do Concello de Muras. Ao cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	Non se prevé

Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	administracion@murax.gal
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos	

ANEXO II.-CERTIFICADO MATRICULACIÓN

CERTIFICACIÓN	D/D ^a _____ director/a ou tutor/a do Centro
	Educativo _____ CERTIFICA que:
	D/D ^a _____ está matriculado/a neste
	Centro e é alumno/a de _____(1) _____(2)
	Asd.: _____ (Selo e firma)
	(1)Indicar o curso: primeiro, segundo,terceiro,cuarto, quinto ou sexto (2)Indicar o ciclo: Infantil, primaria, secundaria ou educación especial

ANEXO III.-CERTIFICADO DO CENTRO ESCOLAR

(Cubrir no caso de que o/a alumno/a teña necesidades específicas de apoio educativo)

CERTIFICACIÓN	D/D ^a _____ director/a ou tutor/a do Centro
	Educativo _____ CERTIFICA que:
	O /A Alumno/a _____ recibe apoio dende a unidade de educación especial do centro.
	Asd.: _____ (Selo e firma)

ANEXO IV.- DILIXENCIA PARA CONSTATAR O EMPADROAMENTO NO CONCELLO.

DILIXENCIA	<p>Dilixencia para facer constar que os/as solicitantes e o/a alumno/a están empadroados no Concello de Muras cun ano de anterioridade á presentación desta solicitude.</p> <p style="text-align: center;">Selo e Sinatura do/a funcionario/a</p>
-------------------	---

ANEXO V.- ACREDITACIÓN DA NECESIDADE DE SOLICITAR AXUDA DE TRANSPORTE E/OU ALUGUEIRO

DATOS	APELIDOS E NOME DO/A SOLICITANTE:	NIF
	APELIDOS E NOME DO PAI OU TITOR LEGAL:	NIF
	APELIDOS E NOME DA NAI OU TITORA LEGAL:	NIF
	DIRECCIÓN	TELÉFONO

EXPÓN	<p>Que tendo coñecemento da convocatoria de axudas a estudantes para o curso 2018/2019 do Concello de Muras, na que se conceden axudas de alugueiro e de transporte para estudantes universitarios ,así como do alumnado de ciclos medio e superior de formación profesional e bacharelato que teñan que desprazarse fora do Concello de Muras , por non existir acción formativa do ciclo ou bacharelato elixido neste municipio,e sempre dentro da Comunidade Autónoma durante o curso 2018/2019.</p> <p><input type="checkbox"/> Que reunindo as condicións da convocatoria teño que desprazarme a_____xa que curso estudos de _____.</p> <p><input type="checkbox"/> Que reunindo as condicións da convocatoria teño que permanecer fora domicilio familiar toda a semana,xa que curso estudos de_____ en _____.</p> <p>E que tendo coñecemento de que para percibir esta axuda debo presentar no Concello de Muras (marcar segundo corresponda) :</p> <p><input type="checkbox"/> Os billetes , bonos, xustificante do medio de transporte utilizados correspondentes a cada período,ordenados por data (día e mes) ,</p> <p><input type="checkbox"/> O contrato e os recibos do alugueiro, ordenados por data (día e mes) .</p>
--------------	--

SOLICITA	<p>Que tendo en conta o exposto anteriormente solicita a concesión dunha axuda para :</p> <p><input type="checkbox"/> Transporte.</p> <p><input type="checkbox"/> Alugueiro.</p> <p>En Muras a_____de_____de _____</p> <p>Asdo.:_____</p>
-----------------	---

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional deste Concello, adoptado en data do 6 de setembro de 2018, de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, cuxo texto íntegro se fai público, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL Nº 1. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II, e artigos 61 e seguintes, todos eles do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e artigos 6, 7 e 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo, e as modificacións de ditos textos introducidas pola Lei 16/2007 de 4 de xullo, Disposición Adicional Sétima e Décima, regulase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles .

Artigo 1º.- Feito imponible.

O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos, urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles o sobre os servizos públicos aos que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible urbano o rústico ás restantes modalidades previstas no mesmo.

Teñen consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústicos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regula o Catastro Inmobiliario. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

- 1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.
- 2.- O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.
- 3.- No suposto de concorrencia de máis dun concesionario sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir este, sobre os outros concesionarios, a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción aos cánones que deban satisfacer cada un deles.

Artigo 3º. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.
2. Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.
3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiránse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles houbese adxudicado.
4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións.

1.- Exencións directas de aplicación de oficio: as comprendidas no artigo 63, apartado 1, do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2.-Exencións directas:

a.- as comprendidas no artigo 63.2, letras a), b) e c) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

b) aquelas cuxa cota líquida esixible sexa inferior a 5 euros.

4.- Con carácter xeral, a concesión de exencións producirá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Non obstante, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu disfrute.

Artigo 5º. Base imponible.

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmoables, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

Artigo 6º. Reducións.

1.- A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmoables, urbanos e rústicos, que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

a) Inmable cuxo valor catastral se incrementa como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación da nova ponencia total de valoración, aprobada con posterioridade ao 1-1-1997 ou por aplicación de sucesivas ponencias totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 67 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

b) Cando se aprobe unha ponencia de valores que dese lugar á aplicación da redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e cuxo valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:

1.-procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.

2.-procedemento de valor colectiva de carácter parcial.

3.-procedemento simplificado de valoración colectiva.

4.-procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e subsanación de discrepancia e inspección catastral.

2.-A redución será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67, 68, 69 e 70 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Estas reducións en ningún caso serán aplicables aos bens inmoables de características especiais.

Artigo 7º. Base liquidable

1.- A base liquidable será o resultado de practicar, no seu caso, na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2.- A base liquidable, nos bens inmoables de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3.- A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

4.- O valor base será a base liquidable conforme ás normas do texto refundido da lei de facendas locais e do texto refundido da lei do catastro inmobiliario .

5.- A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida no texto refundido da lei do catastro inmobiliario e o réxime de recursos contra os actos administrativos, o establecido no dito texto legal e no texto refundido da lei de facendas locais.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota. O tipo de gravame será:

a.- para os bens inmoables de natureza urbana: o 0,5 %.

b.- para os bens inmoables de natureza rústica: o 0,3 %.

c.- para todos os grupos de bens inmoables de características especiais: o 1,3 %

Artigo 9º. Período impositivo e acreditación do imposto

1. O período impositivo é o ano natural.
2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo.
3. As variacións de orde físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.
4. Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ao que figura no seu Padrón, liquidará o IBI na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.
5. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente aos exercicios meritados e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que se van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.
6. No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e aos anteriores a cota satisfeita por IBI a razón doutra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

Artigo 10º. Réxime de declaración e ingreso

1. Aos efectos previstos no artigo 76 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmovibles que teñan transcendencia a efectos deste imposto.
2. Sendo competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse deben ser presentadas á administración municipal, ante a cal se debe indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.
3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais, o Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ao Catastro a incidencia dos valores catastrais ao outorgar licenza ou autorización municipal.
4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores - recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da facultade de xestión tributaria.
5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.
6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.

Non obstante, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra de xeito concluínte a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

7. O período de cobro para os valores - recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme ao Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e texto refundido da lei de facendas locais.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:

- a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.
 - b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.
8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iníciase o período executivo, o cal comporta a acreditación do recargo do 20 por cento do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por cento cando a débeda se ingrese antes de que fora notificado ao debedor a providencia de apremio.

Artigo 11º. Xestión por delegación.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración convida ou delegada.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 12ª.- Data de aprobación e vixencia.

Esta Ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día de de 2018, comezará a rexer o día 1 de xaneiro de 2019, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derrogación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita jurisdicción.

Negueira de Muñiz, 7 de novembro de 2018.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3147

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO*Anuncio*

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de Lugo, HAGO SABER:

Que en el procedimiento 254/2018 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D^a HEIDY LESAINY REYNOSO HENRÍQUEZ contra la empresa MARÍA DOLORES FARIÑAS JUL, sobre DESPIDO, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

“Que estimando la demanda formulada por D^a HEIDY LESAINY REYNOSO HENRÍQUEZ debo declarar y declaro improcedente el despido de la actora con efectos de fecha 20 de diciembre de 2017, y condeno a la empresa demandada “FARIÑA JUL, MARÍA DOLORES”, a que, en el plazo de cinco días a contar desde la notificación de esta resolución, opte entre readmitir al demandante en su puesto de trabajo o indemnizarle por la extinción de la relación laboral con la cantidad de 492,29 euros, sin salarios de tramitación, debiendo poner en conocimiento del Juzgado en el plazo antes dicho, si opta o no por la readmisión. En caso que se opte por la readmisión, el trabajador tendrá derecho a los salarios de tramitación, en la cuantía de 35,80 euros/día.

Notifíquese esta sentencia a las partes y adviértase de que no es firme, ya que contra la misma cabe interponer recurso de SUPPLICACIÓN para ante la SALA DE LO SOCIAL DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE JUSTICIA DE GALICIA, debiendo en su caso, anunciar el propósito de hacerlo dentro de los cinco días siguientes a la notificación de la misma, por conducto de este Juzgado, bastando para ello la mera manifestación de la parte o de su abogado o representante al hacerle la notificación de la sentencia, de su propósito de entablar el recurso, pudiendo también anunciarse el recurso por comparecencia o por escrito de las partes o de su abogado o representante ante este Juzgado y en el indicado plazo y, si fuese la empresa demandada quien lo hiciese, acreditando, al anunciar el recurso, haber consignado la cantidad objeto de la condena en la cuenta de “depósitos y consignaciones” abierta a nombre de este Juzgado de lo Social en la Entidad Banco Santander (antes Banesto), oficina principal. Cta. núm. 2323000065025418, pudiendo sustituirse la consignación en metálico por el aseguramiento mediante aval bancario, en el que consta la responsabilidad solidaria del avalista. Asimismo, si fuera la empresa demandada quien intentase interponer el recurso de SUPPLICACIÓN, deberá consignar el depósito de 300,00 euros, en la cuenta corriente denominada “recurso de suplicación” que, con el núm. 2323000065025418 mantiene este Juzgado de lo Social en la misma Entidad Bancaria, debiendo el recurrente entregar en la Secretaria del Juzgado el correspondiente resguardo al tiempo de interponer el recurso de suplicación.

Se advierte además a las partes que deberán hacer constar en los escritos de interposición del recurso y de impugnación, en su caso, un domicilio en la sede del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, a efectos de notificaciones, dando cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 198 de la Ley reguladora de la jurisdicción social.

Así por esta mí sentencia, de la que se llevará testimonio a los autos, lo pronuncio, mando y firmo.”

Y para que sirva de notificación en legal forma a MARÍA DOLORES FARIÑAS JUL, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En Lugo, a treinta de octubre de dos mil dieciocho.- LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.

R. 3148

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente número: A/27/21712.

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: María Ofelia Álvarez Osorio.

Nombre del río o corriente: Manantial Fonte dos Cantariños (3 surgencias).

Caudal solicitado: 0,015 l/seg.

Punto de emplazamiento: Parcela 200 del polígono 98, Noceda (Trobo).

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo).

Destino: Abastecimiento a vivienda y uso ganadero.

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Tres arquetas de captación y conducciones por tubería a depósito de 3000 l de capacidad desde el que se conducirá el agua hasta vivienda y establo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 29 de octubre de 2018.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 3110

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) DEPUTACIÓN LUGO

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O 9 DE NOVEMBRO DO 2018 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE PREMIOS DESTINADOS Á POSTA EN MARCHA DE IDEAS EMPRESARIAIS NA PROVINCIA DE LUGO.

BDNS(Identif.):423062

PREMIOS DESTINADOS Á POSTA EN MARCHA DE IDEAS EMPRESARIAIS NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b y 20.8ª de la Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>).

Primeiro: Destinatarios

Poderán participar neste convocatoria o emprendedores/as cunha idea ou proxectos de actividade válido e viable, para poñer en marcha, en calquera dos municipios da provincia, agás Lugo.

Os destinatarios dos premios, non terán limitación en canto a idade, debendo cumprir os seguintes requisitos:

ter iniciada a actividade económica presentada no proxecto.

Estar empadroadado en algún concello da provincia.

Non encontrarse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de Xeral de Subvencións. A acreditación de non estar incurso en ningunha delas realizárase mediante declaración responsable da interesado.

Estar o corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia tributaria (Estado e CCAA), seguridade social e Deputación de Lugo.

A actividade mercantil poderá realizarse en calquera modalidade legal; empresarias individuais, sociedades civís, comunidades de bens ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado.

Os requisitos e condicións para ser beneficiarios deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Deberá manterse a actividade durante un período mínimo de 2 anos, agás cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal se terá que demostrar de forma fidedigna. O Responsable do premio é o solicitante independentemente da fórmula xurídica elixida para materializar a iniciativa empresarial.

Segundo: Obxecto e Finalidade

Estas bases teñen por obxecto establecer o procedemento de concesión en concorrencia competitiva de premios a iniciativas empresariais en territorios rurais da provincia de Lugo.

A finalidade dos premios é a de impulsar iniciativas empresariais, favorecer proxectos novos, excelentes, orixinais e innovadores que promovan fixar poboación, a economía e o emprego no territorio rural, que incorporen novos modelos de xestión, produtos sistemas ou servizos que contribúan a xeración de riqueza e calidade de vida na provincia de Lugo.

Terceiro: Bases reguladoras

Pódese consultar a ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=sfdes_d4_v1.jsp&tipo=6&c_ontenido=30233&nivel=1400

Cuarto: Crédito orzamentario e contía total máxima.

A dotación orzamentaria máxima destinada a esta convocatoria será de 50.000,00 euros, con cargo a la aplicación orzamentaria 2410.481 para o ano 2018.

Quinto: Contías e Premios

5 Premios de 10.000.

Os premios establecidos nesta convocatoria non están sometidos ao réxime de mínimos segundo o establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. A estes premios aplicaráselles a retencións legais que correspondan.

Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa en relación a unha mesma iniciativa empresarial. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais dende a publicación da convocatoria do presente programa no BOP, previa publicación no Base de Datos Nacional de Subvencións.

LUGO, 9 DE NOVIEMBRE DE 2018.- O Presidente, Darío Campos Conde.

R. 3180